



Convocatoria Pública 14/2023
CORRECCIÓN ERRO PRAZA 2021-PN230

Advertido erros na Resolución da Xerencia do 27 de novembro do 2023 pola que se publica a **Convocatoria 14/2023** de contratación de persoal en actividades e proxectos de investigación que figuran no Anexo á convocatoria, fanse públicas a corrección que a seguir se indican:

Na praza de Persoal investigador predoutoral en formación, de **referencia 2021-PN230** (nº solicitude **2023/ C14M02**) da que figura como Investigador Principal ASHWIN WOODHOO, *titulada* “Función molecular e biolóxica da familia AP-1 de factores de transcrición na desmielinización de células de Schwann e reparación de nervios periféricos - XERACIÓN DE COÑECEMENTO 2021 - Proxectos investigación orientada”.

onde di:

TITULACIÓN REQUIRIDA

Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao de polo menos 300 créditos ECTS (European Credit Transfer System) ou inferior a 300 ECTS con mestrado universitario, ou equivalente.

As persoas solicitantes deberán estar admitidas no Programa de Doutoramento en Medicina Molecular
A persoa seleccionada, no momento de asinar o contrato deberá:

estar matriculada no Programa de Doutoramento en Medicina Molecular no curso académico 2023/2024 na USC

- asinar unha declaración de ter ou non ter gozado doutras axudas/contratos, dirixidas á súa formación predoutoral

debe dicir:

TITULACIÓN REQUIRIDA

Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao de polo menos 300 créditos ECTS (European Credit Transfer System) ou inferior a 300 ECTS con mestrado universitario, ou equivalente.

As persoas solicitantes deberán estar admitidas no Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica

A persoa seleccionada, no momento de asinar o contrato deberá:

estar matriculada no Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica no curso académico 2023/2024 na USC

- asinar unha declaración de ter ou non ter gozado doutras axudas/contratos, dirixidas á súa formación predoutoral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
Javier Ferreira Fernández
Xerente da Universidade de Santiago de Compostela

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n° 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/12/2023 14:06:40.

CSV: F37D-BA47-4365-8B10